



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A
CESIÓN GRATUÍTA DO USO DO INMOBLE SITUADO NA PRAZA DOS MUÍÑOS DE ARRIBA,
N.º 39, EN MONDOÑEDO, ASÍ COMA A PARA A CONCESIÓN DIRECTA DUNHA
SUBVENCIÓN, CO OBXECTO DE QUE SE PROCEDA A SÚA REHABILITACIÓN.**

En Santiago de Compostela, ade novembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº 217, do 14 de novembro), e na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, Dna. Elena Candia López, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Mondoñedo en representación de dito Concello e segundo as funcións atribuídas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 24 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xuño, de administración local de Galicia.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o IGVS é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, ao cal lle corresponde a realización das políticas de vivenda e solo, coa finalidade de acadar os obxectivos previstos na Lei 3/1988, do 27 de abril, e no marco dos principios reitores contidos no artigo 47 da Constitución española.

Así mesmo, en virtude do artigo 2 da Lei 3/1988, do 27 de abril, o IGVS ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e de plena capacidade de obrar cos instrumentos de dereito público e privado propios da súa natureza, para o cumprimento das súas facultades. Por iso, poderá adquirir, vender, posuír, reivindicar, permutar, ceder gratuitamente ou mediante prezo, arrendar e administrar o seu patrimonio. Por outra parte, o artigo 5 c) dispón que para o adecuado exercicio das súas funcións, o



IGVS poderá, de acordo coa lexislación autonómica aplicable, suscribir convenios de promoción y gestión con outros Organismos y Entidades, en especial coas Corporacións Locais.

Segundo o artigo 4.1 da citada Lei, entre as funcións do IGVS atópanse, entre outras, a rehabilitación pública de vivendas e equipamentos, o fomento da rehabilitación e construción de todo tipo de vivendas e o fomento da mellora e da rehabilitación da vivenda rural.

Segundo.- Que o IGVS ten en propiedade un edificio situado na praza dos Muíños de Arriba, nº 39, cunha superficie de 138 m², con referencia catastral 3194001PJ3039S0001IJ.

Terceiro.- O Concello de Mondoñedo solicitou o 4 de setembro de 2017 a cesión do uso do edificio propiedade do IGVS, situado na Praza dos Muíños de Arriba, nº 39, aos efectos de proceder a súa rehabilitación integral para, con posterioridade e en aras á rexeneración do barrio, destinar o baixo do edificio a un local de venda de produtos artesanais e a vivenda o primeiro andar, co obxecto de poñela no mercado de aluguer.

Cuarto.- Que de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coma no artigo 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, os concellos teñen atribuída, entre outras, a competencia relativa ao fomento dos intereses peculiares do municipio, constituíndo a figura do convenio administrativo un instrumento xurídico adecuado para a colaboración das administracións locais e autonómica nos asuntos de interese común.

Quinto.- Que o artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, regula o réxime de concesión directa de subvencións, establecendo que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables, de conformidade co disposto na presente lei. Os convenios serán, segundo o citado artigo, o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Así mesmo, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 40 que a concesión directa de subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública



poderá instrumentarse a través de (...) convenio que, en todo caso, deberá axustarse ás previsións contidas na Lei de subvencións de Galicia, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterán como mínimo os seguintes extremos:

a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do seu carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario ou aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

b) Beneficiarios e modalidades de axuda.

c) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e a contía da subvención, individualizada, se é o caso, para cada beneficiario se fosen varios.

d) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, de acordo co disposto neste Regulamento, deberán achegar os beneficiarios.

f) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e, no seu caso, da entidade colaboradora do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

g) Obrigación do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

h) Obrigación do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

1.1. O convenio ten por obxecto regular as condicións para a cesión a título gratuito ao Concello de Mondoñedo do uso do inmovible sito nesa localidade, na Praza dos Muíños de Arriba, nº 39, propiedade do IGVS, con referencia catastral 3194001PJ3039S0001IJ.

1.2. Así mesmo, o convenio ten por obxecto regular as condicións da concesión directa dunha subvención do IGVS ao Concello de Mondoñedo por importe de 30.000 euros, coa finalidade de que o citado inmovible sexa integramente rehabilitado e, con posterioridade, a destinar a planta baixa a un local de venta de produtos artesanais e a vivenda o primeiro andar, coa finalidade de que a mesma sexa posta no mercado de aluguer.

Segunda.- Obrigas do IGVS

2.1. O IGVS, en virtude dunha Resolución da súa Presidenta, cederá a título gratuito ao Concello de Mondoñedo o uso do referido inmovible. A cesión do uso terá unha duración de 10 anos e poderá ser prorrogada mediante acordo das partes asinantes, adoptado con, ao menos, dous meses de antelación á extinción do citado prazo, por outro período de 10 anos.

2.2. O IGVS concederá ao Concello de Mondoñedo unha achega máxima de 30.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2017.08.80.451A.760.3 dos orzamentos do IGVS para o ano 2017, a fin de financiar as actuacións de rehabilitación do citado inmovible.

A dita cantidade resulta do orzamento presentado polo Concello de Mondoñedo no seu proxecto e, de conformidade co esixido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, é inferior ao custe total das obras necesarias para proceder á rehabilitación integral do edificio.

O IGVS pagará a subvención mediante os aboamentos a conta das certificacións de obra parciais achegadas polo Concello de Mondoñedo, con periodicidade mensual, dentro do prazo de trinta días desde a súa recepción, sen prexuízo das rectificacións e variacións que se puideran producir na medición xeral e certificación final das obras executadas. O importe conxunto dos aboamentos a conta non poderá superar ao 80% do importe total



subvencionado, de conformidade co establecido no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

A subvención será compatible con calquera outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, poda obter o Concello de Mondoñedo, debendo, en tal caso, comunicalo ao IGVS no momento en que se teña coñecemento da seu otorgamento. Nestes casos, se o importe da totalidade das subvencións obtidas polo Concello para ese fin supere o custe final total das obras de rehabilitación, o Concello deberá reintegrar ao IGVS a diferenza resultante entre a cantidade total percibida polo Concello e custe final da actividade subvencionada, co límite da cantidade achegada polo IGVS, salvo que o Concello de Mondoñedo xustifique que renunciou ás outras axudas.

2.3. Segundo o establecido no artigo 58 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o IGVS comprobará o cumprimento polo Concello de Mondoñedo dos compromisos asumidos en virtude do presente Convenio para proceder ao aboamento da subvención.

Terceira.- Obrigas do Concello de Mondoñedo

O Concello de Mondoñedo, en virtude do presente Convenio, asumirá as seguintes obrigas:

3.1. Realizar, antes do 31 de decembro de 2017, a totalidade das obras necesarias para a rehabilitación do inmovible, de conformidade co proxecto de rehabilitación presentado ao IGVS, de acordo coa normativa que resulte de aplicación, e baixo a súa enteira responsabilidade.

Segundo o citado proxecto, as obras necesarias para a rehabilitación do edificio son as seguintes: renovación total do material de cubrición con aproveitamento do material válido; dobre entabado de cuberta que albergará o illamento mínimo para o cumprimento das exixencias do DB-HE; carpinterías novas para o baixocuberta e para os ocos tapiados provisionalmente e restauración do resto das carpinterías exteriores; revisión e substitución dos elementos estruturais horizontais de todos os forxados, mesmo do forxado de cuberta; tratamento anticouza para a estrutura de madeira; instalación e adecuación funcional de un aseo completo coa correspondente instalación necesaria de fontanería e saneamento; escavación para a inserción de módulos de polipropileno reciclado, con unha soleira de



formigón armado e como material de acabado superficial, lousa caliza tipo “Vilamor” ou similar de 5 cm de espesor, para o pavimento de planta baixa; renovación dos revestimentos exteriores de morteiro de cal, debido ó deterioro dos actuais; trasdosado de pladur con illamento térmico de lana mineral ou similar para a planta baixa; pintura ao silicato para paramentos interiores; falso teito de madeira agargalada para teito do local comercial e de escaiola para o aseo; reparación da cornixa existente que supón un perigo para os peóns; instalación de dúas carpinterías interiores e a reparación dunha existente en planta baixa; e renovación total de instalación eléctrica, fontanaría e saneamento no baixo e no primeiro andar.

3.2. Realizar, de acordo coa normativa que resulte de aplicación e baixo a súa enteira responsabilidade, todas as obras necesarias para poder destinar o baixo do edificio a un local de venda de produtos artesanais e o primeiro andar a vivenda, coa finalidade de que a mesma sexa posta no mercado de aluguer.

3.3. Permitir ao IGVS, en canto titular do inmovible, a inspeccionar a execución das obras de rehabilitación do inmovible.

3.4. Asumir, durante os anos obxecto da cesión, todos os gastos que se deriven do seu uso e ocupación, as taxas e os tributos que graven o inmovible, así como a responder dos eventuais danos que puideran ocasionarse como consecuencia das actividades desenvolvidas no inmovible.

3.5. Devolver ao IGVS, unha vez finalizado o prazo da cesión do inmovible e, no seu caso, o da prórroga, o inmovible obxecto de cesión do uso, en perfecto estado e sen dereito a indemnización algunha pola realización das obras.

3.6. Comunicar ao IGVS calquera outra subvención que lle sexa concedida para a mesma finalidade que a prevista neste convenio, con indicación do seu importe.

3.7. Presentar ante o IGVS unha conta xustificativa, dentro do mes seguinte á finalización das obras, de conformidade co disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, integrada pola seguinte documentación:



a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe da Alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

3.8.- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, en calquera momento no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvención.

3.9.- Cumprir a totalidade das obrigas establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei de subvencións de Galicia, e no Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

O incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula dará lugar ao reintegro ao IGVS da totalidade das cantidades percibidas.

Cuarta.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente Convenio e resolver as dúbidas que se puideran producir ao longo do seu desenvolvemento créase unha Comisión de seguimento, integrada por dous representantes do Concello de Mondoñedo e dous representantes do IGVS.



Quinta.- Causas de resolución

Son causas de resolución do presente Convenio:

1.- O transcurso do prazo de duración previsto no Convenio.

2.- O mutuo acordo das partes asinantes do Convenio.

2.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de calquera dos asinantes do Convenio.

Sexta.- Eficacia e prazo de vixencia

O Convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2017, podendo prorrogarse por un ano mediante acordo expreso das partes, sen prexuízo da duración da cesión do inmovible por un período de dez anos e a súa posible prorroga e da duración do correspondente contrato de arrendamento celebrado sobre a vivenda que estea vixente no momento de producirse a extinción de dita cesión. A solicitude da prórroga do Convenio deberá ser comunicada á outra parte con, polo menos, quince de antelación á data da súa finalización.

Sétima.- Confidencialidade

7.1. De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

7.2. As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente Convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

Oitava.- Publicidade da subvención e divulgación do contido deste Convenio

8.1. O Concello de Mondoñedo dará publicidade da financiación por parte do IGVS das obras de rehabilitación do edificio na súa páxina web e na propia obra, mediante a



colocación dun cartel informativo coa imaxe corporativa do IGVS durante a totalidade do prazo de execución das mesmas.

8.2. Así mesmo, as partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste Convenio mediante as publicacións correspondentes nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

Novena.- Réxime Xurídico

O presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de contratos das Administracións Públicas, conforme ó disposto no artigo 4.1.d) do Real Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

E en proba de conformidade, asinan este convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data arriba indicados.

Polo IGVS

Polo Concello de Mondoñedo

Ethel María Vázquez Mourelle

Elena Candia López